



Máis dun millar de accións no servizo de Orientación Laboral

Fin á esterilización forzosa de persoas con discapacidade

A fenda dixital no colectivo, un gran reto a combater

AFRONTANDO A PANDEMIA CON POSITIVIDADE

A incidencia do coronavirus é similar entre as persoas con discapacidade e a poboación xeral

ÍNDICE

Balance moi positivo do servizo de Orientación Laboral	3
Fin á esterilización forzosa de persoas con discapacidade	5
A incidencia do Covid non entende de discapacidade	7
A fenda dixital no colectivo, un gran reto a combater	11
Política Social, colaboradora en programas formativos	13
O goberno central pecha a porta á incapacitación	17
Como conquistar unha praza de funcionariado público	21
Máis noticias?	25
Séguenos!	26

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



MÁIS DUN MILLAR DE ACCIÓNS NO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL

O Servizo de Orientación Laboral de Down Galicia acumulou no pasado período 1.145 accións de orientación para un total de 232 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en busca activa de emprego. O balance está encadrado entre febreiro de 2019 e xaneiro de 2020, no caso das profesionais de orientación das provincias de A Coruña e Pontevedra, e de agosto de 2019 a agosto de 2020 da profesional que da servizo ás provincias de Lugo e Ourense.

As accións de orientación realizadas van encamiñadas a facilitarlle estratexias e recursos axeitados ás persoas inscritas na bolsa de demandantes do Servizo de Orientación de Down Galicia, de xeito que a súa busca activa de emprego sexa máis efectiva. Os grandes grupos de accións de orientación laboral compóñense de sesións grupais (225), entrevistas personalizadas (920) e itinerarios personalizados de inserción (32), co obxectivo de dar resposta ás necesidades das persoas demandantes de emprego en función do seu perfil profesional. Por outra banda, tamén se manteñen reunións ou entrevistas telefónicas coas familias, chegando a un total de 115 nos meses analizados.

Neste período tamén se impartiron 37 sesións a distancia nas provincias de Lugo e Ourense a raíz da crise sanitaria por mor da pandemia da COVID-19.

Deste xeito, a través de distintas plataformas e aplicacións, as persoas usuarias do servizo nestas zonas puideron seguir recibindo asesoramento personalizado en materia laboral.

Este balance non inclúe os datos durante a pandemia das provincias da Coruña e Pontevedra, por corresponderse con outro período da axuda.

O servizo conta con persoal técnico especializado e realiza as súas actuacións nas principais cidades galegas. Para iso, conta con tres orientadoras laborais, que prestan servizo itinerante desde os tres centros de traballo, situados en Santiago de Compostela, Vigo e Ourense, para dar cobertura á provincia de A Coruña -Ferrol, A Coruña, e Compostela-; á provincia de Pontevedra -Pontevedra e Vigo-; e ás provincias de Ourense e Lugo -Ourense, Lugo e Monforte de Lemos-, respectivamente.

O Servizo de Orientación Laboral de Down Galicia é centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia, tendo competencias en materia de modificación de datos e actualización dos currículos das persoas demandantes que teñen como centro titor Down Galicia. Este servizo está financiado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

FIN Á ESTERILIZACIÓN FORZOSA DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

A Comisión de Xustiza do Congreso dos Deputados reuniuse a mediados de setembro para debater e informar sobre a Proposición de Lei Orgánica de modificación do Código penal para a erradicación da esterilización forzada ou non consentida de persoas con discapacidade incapacitadas xudicialmente.

Con esta acción, comeza o proceso lexislativo que poñerá fin a unha práctica que atenta gravemente contra os dereitos humanos das persoas con discapacidade, especialmente mulleres e mozas.

A iniciativa foi presentada hai uns meses no Senado, a partir dun texto da Fundación CERMI Mulleres. A proposta foi tomada en consideración por unha ampla maioría da Cámara Alta, polo que pasou ao Congreso para o inicio da súa tramitación.

En fase de emendas, só un partido presentou propostas de modificación, referidos a aspectos técnicos secundarios da iniciativa, polo que se espera que o Congreso a aprobe con gran respaldo parlamentario.

En marzo de 2019, o Comité de Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU, na revisión a España sobre o cumprimento da Convención Internacional, instoulle a desterrar da lexislación a esterilización forzada de persoas con discapacidade, obxectivo desta iniciativa.



A INCIDENCIA DO COVID-19 É SIMILAR ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE E A POBOACIÓN XERAL

A seroprevalencia por COVID-19 en persoas con discapacidade atópase en parámetros similares aos da poboación sen discapacidade, segundo os resultados do informe final do estudo nacional de seroepidemioloxía da infección por SARS-CoV-2 en España, presentado este verán polo Ministerio de Sanidade.

A teor destes datos, participaron no estudo 3.309 persoas con discapacidade, un 5% do total, 1.747 homes e 1.562 mulleres. Por grao de discapacidade, 583 tiñan menos do 33%; 1.780 entre o 33% e o 66% e 946, con 66% ou máis.

A prevalencia de anticorpos IgG anti SARS-CoV-2 en persoas con grao de discapacidade na terceira e última rolda do estudo é de 3,%, para menos do 33% de grao de discapacidade; 5,4%, para persoas entre o 33% e o 66% de grao de discapacidade e 5,5%, para as de grao igual ou superior ao 6%. Para a poboación sen discapacidade, a prevalencia sitúase no 5,2%.

Non se observan pois grandes diferenzas en función do grao de discapacidade, como tampouco do nivel de estudos nin do número de persoas que conviven no fogar, conclúe o estudo. A prevalencia si é algo maior nas áreas urbanas (municipios de máis de 100.000 habitantes).

A inclusión da variable de discapacidade neste estudo como factor relevante de coñecemento obedeceu a unha demanda do Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI), que foi asumida polos promotores da operación, o Instituto de Saúde Carlos III.

SEN DIFERENZAS ENTRE IDADE OU SEXO

Marina Pollán, directora do Centro Nacional de Epidemioloxía, encargada de deseñar o estudo, confirmou ademais que “as taxas de prevalencia non cambian moito por idade nin por sexo”.

Por outra banda, apuntou que “case todos os demais estudos realizados sobre o Covid-19 realizáronse en persoas hospitalizadas, mentres que no noso caso fomos os únicos que estimamos máis a poboación de persoas que pasaron a enfermidade sen síntomas: neste caso una de cada tres. O estudo demostrou a eficacia do confinamento ao detectar que na primeira onda moitas persoas daban positivo e na segunda ou terceira xa non. Tamén estudamos os síntomas de diferentes tipos máis aló dos máis comúns de febre ou tose, analizando sintomatoloxía moi diversa e inespecífica. Tamén detectamos como cambiaba a seroprevalencia dependendo dos síntomas que ían aparecendo. Do estudo dos datos nas tres ondas comprobamos que o virus segue aí e que é importante continuar coas medidas de protección”.



A FENDA DIXITAL DAS FAMILIAS E PERSOAS CON DISCAPACIDADE, UN RETO A COMBATER QUE ESTÁ EN PRIMEIRO PLANO POLA PANDEMIA

Coa chegada do confinamento pola pandemia do Covid-19 e a necesidade de traballar e realizar actividades desde casa, as tecnoloxías e o coñecemento sobre elas foron esenciais para continuar coa nosa vida.


Nos últimos meses, a fenda dixital existente fíxose máis evidente e un gran número de persoas usuarias dos servizos da Federación e das súas entidades non puideron continuar recibindo sesións de apoio durante este tempo, chegando nalgúns casos a evidenciar un retroceso na súa capacidade cognitiva.

A Federación Down Galicia vén realizando comunicacións e campañas co obxectivo de sensibilizar á sociedade deste contexto e, co seu apoio, tentar reducir a situación de fenda dixital na que se atopan moitas das súas persoas usuarias. Desta forma, a Federación está a crear un banco de recursos para o préstamo temporal de equipos, facilitando ás persoas usuarias máis vulnerables o acceso aos servizos e necesidades do seu día a día.

O fin último é ter no banco tecnolóxico tablets, computadores, teléfonos móbiles, altosfalantes-micrófonos e conexións a Internet que poidan mellorar esta situación.

Neste sentido, o presidente de Down Galicia, Delmiro Prieto, indicou que “buscamos eliminar a fenda dixital na que se atopan as persoas con discapacidade, asegurando deste xeito maiores cotas de inclusión na sociedade para o colectivo”.

A Federación Down Galicia crece cada ano en número de persoas usuarias, e “iniciativas como esta permítenlle seguir traballando para que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais poidan estudar, traballar e desenvolver o seu proxecto de vida en igualdade de condicións que o resto da sociedade” asegurou Delmiro Prieto.



Vídeo de sensibilización sobre a fenda dixital

A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL COLABORA CON VARIOS PROGRAMAS FORMATIVOS DA FEDERACIÓN

A través das subvencións destinadas ao desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación de persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Política Social financiou parte das cinco accións formativas levadas a cabo por Down Galicia entre 2019 e 2020.

Estas actuacións, das que puideron beneficiarse 137 persoas usuarias das distintas entidades Down de Galicia, contaron cun financiamento total de 122.900,82€ para a súa realización e están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

O primeiro deles centrouse na preparación de oposicións autonómicas e estatais e tivo como principal obxectivo garantir ás persoas participantes a adquisición e mellora das competencias necesarias para presentarse a un proceso de oposición e superalo con éxito.

O segundo tiña por obxecto mellorar a alfabetización e exercitar as habilidades instrumentais básicas das persoas participantes, o que lles permitirá unha maior competencia social á hora de desenvolverse de maneira autónoma en actividades da súa vida cotiá.

O terceiro proxecto tiña como obxectivo a estimulación cognitiva das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, para mellorar e exercitar as funcións cognitivas nas persoas participantes como base para lograr unha mellora da autonomía, as habilidades prelaborais e da súa participación na comunidade.

Estes tres proxectos leváronse a cabo entre o 01 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2020.

Finalmente, o cuarto e quinto proxecto centrábanse na especialización formativa. Desta maneira, un estaba enfocado á adquisición de competencias no ámbito da restauración (execución do 07/01/2020 ao 30/06/2020), mentres o outro faría o seu co perfil profesional de persoal de servizos xerais (execución do 01/02/2020 ao 30/04/2020).

Desde o mes de marzo de 2020, como consecuencia da declaración do estado de alarma pola crise sanitaria do COVID-19, a atención ás persoas participantes, que estaba formulada principalmente con carácter presencial, tivo que ser impartida a distancia a través do teletraballo e de diferentes medios telemáticos, conseguindo igualmente uns grandes resultados.



O GOBERNO APROBA A REFORMA QUE ELIMINARÁ A 'INCAPACITACIÓN' DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

O Consello de Ministros aprobou este martes o anteproxecto de lei polo que se reformará a lexislación civil e procesal no referido ás limitacións da capacidade xurídica por razón de discapacidade. O obxectivo desta reforma é acabar coa incapacitación xudicial completa do colectivo e, no seu lugar, favorecer a súa capacidade de decisión cun sistema de apoios adecuado.


O anteproxecto de Lei, que se remite ao Congreso dos Deputados para comezar o seu trámite parlamentario, foi elaborado pola Comisión Xeral de Codificación do Ministerio de Xustiza, que traballou nos últimos anos na preparación da proposta, oíndo e consultando a todas as instancias e operadores xurídicos con interese na reforma, a maior en número de artigos modificados do Código Civil desde a súa adopción no século XIX.

Con esta iniciativa lexislativa, dáse cumprimento ao mandato do artigo 12 da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, que obriga aos Estados parte, entre eles España, a garantir a igual capacidade xurídica das persoas con discapacidade en todo o tráfico xurídico sen restricións nin exclusións, prestando apoios para a toma de decisións cando sexa preciso, pero sen substituír á propia persoa.

A reforma legal iniciada este martes supoñerá un cambio radical en como o Dereito civil entendeu a discapacidade e ás persoas con discapacidade, pasando do esquema paternalista e restritivo de dereitos da substitución ao promotor dos apoios á toma de decisións.

Segundo informa o CERMI, o ministro de Xustiza, Juan Carlos Campo, explicou que a reforma supón a substitución da figura da tutela -onde unha terceira persoa encárgase de decidir pola persoa incapacitada xudicialmente- pola da curatela, que pretende que sexa a propia persoa interesada quen adopte ditas decisións, sempre cos apoios e as axudas necesarias.

A nova norma insiste en que os poderes públicos deben asegurar un sistema de apoios adecuados ás persoas con discapacidade. Ademais do Código Civil, o anteproxecto prevé modificar a Lei Hipotecaria, a de Axuizamento Civil, a do Notariado, a referida á Xurisdición Voluntaria e a de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade.





NOVIDADES DA REFORMA

A reforma elimina a incapacitación ou modificación da capacidade do Código Civil -pois esta, como condición inherente da persoa, non pode modificarse-, polo 'apoio', termo que engloba desde a axuda técnica na comunicación de declaracións de vontade ou a ruptura de barreiras arquitectónicas, ata a representación ou substitución na toma de decisións.

Desaparecen as figuras da tutela para os maiores de idade, a patria potestade prorrogada e a patria potestade rehabilitada, debido a que «non responden ao sistema de promoción da autonomía das persoas adultas con discapacidade».

Ademais, a reforma pretende atender os aspectos persoais e non só os patrimoniais, e da prioridade a todas aquelas medidas que a persoa poida adoptar con carácter preventivo, como mandatos e poderes preventivos.

O anteproxecto afecta tamén a outras normas relativas ao dereito internacional privado, aos actos relativos á nacionalidade, o matrimonio ou a filiación, así como a algunhas regras do Dereito de sucesións e de contratos.

Finalmente, prohibe que as entidades de apoio ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento que presten servizos poidan tamén actuar como titoras e ser así «xuíz e parte no proceso».

COMO CONSEGUIR UNHA PRAZA DE FUNCIONARI@ E NON MORRER NO INTENTO: A EXPERIENCIA DE CARMEN

“Aínda non mo creo, ata que comece e me vexa no allo...”, comenta con felicidade Carmen, membro de Teima Down Ferrol. “Non o esperaba, porque todo o mundo dicía que había xente que levaba preparándose 7 ou 8 anos, pero despois de facer o primeiro exame vin que tiña posibilidades”.

Tras uns meses de espera pola situación xerada pola COVID-19, Carmen Brage Eibe, muller con discapacidade intelectual, asinou por fin a mediados de setembro o nomeamento que a converte en funcionaria do Servizo Galego de Saúde. Nunhas semanas comezará a súa andaina como celadora no Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol tras conseguir unha das melloras notas no concurso-oposición convocado en 2018 pola administración autonómica e celebrado a principios de 2019.

Carmen, que se amosa “moi contenta e con moitas ganas de empezar”, comezou a preparase hai dous anos e, aínda que ao principio tiña as súas dúbidas de se podería superar un proceso selectivo destas características, con constancia e traballo demostrou que era totalmente capaz. Durante meses, co esforzo por bandeira, Carmen dedicou moitas horas do seu día a día ao estudo desta oposición.

Marta Álvarez, responsable da área de emprego e formación de Teima Down Ferrol, salienta “o esforzo das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidade intelectuais na preparación destes procesos selectivos, xa que, na sociedade actual, dispoñer dun emprego é un principio fundamental, tanto para a inclusión social da persoa como para o desenvolvemento da súa personalidade e a súa autoestima”.

Cada ano son máis as persoas usuarias de entidades Down interesadas en conseguir unha praza nalgunha das ofertas de emprego público convocadas. Todas elas pasan meses, ou incluso anos, preparándose e esforzándose ao máximo, evidenciando deste xeito o interese do colectivo pola súa entrada ao mercado laboral.

Nun acto presidido polo xerente da área sanitaria de Ferrol, Ángel Facio Villanueva, no salón de actos do Hospital Arquitecto Marcide da cidade ferrolá, un pequeno grupo composto por algunhas das persoas que acadaron as prazas ofertadas pola Xunta de Galicia, reservadas en exclusiva para persoas con discapacidade intelectual, tomaron posesión das mesmas tras presentar a documentación requirida e elixir a praza desexada.

O acceso ó emprego público para as persoas con discapacidade intelectual en xeral, e coa síndrome de Down, en particular, é unha das reivindicacións históricas da Federación Down Galicia e as súas entidades membro.



MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para delas!

Teima e Xuntos asinan senllos convenios de colaboración coas administracións locais

As dúas asociacións asinaron a finais de verán senllos convenios de colaboración coas súas administracións locais de referencia para o desenvolvemento das súas actividades.

Dúas curtametraxes de Down Coruña entre as finalistas do 'Diversimacine' 2020

A asociación Poten100mos, organizadora do Festival Diversidarte e do Concurso de curtametraxes Diversimacine de A Coruña, comunicou a Down Coruña que dúas das pezas presentadas pola entidade ao certame forman parte do grupo de 10 finalistas.

Down Vigo entrega á ONG Bicos de Papel a cantidade recadada grazas ao Proxecto Xx

Down Vigo vén de entregar á ONG Bicos de Papel a recadación obtida coa súa campaña de camisetas solidarias "Proxecto Xx", realizada en colaboración coa empresa de ecoprint Las Flores de Greta e na que tamén participou o barista Marcos González.

SÉGUENOS!



DownGalicia.org



Facebook.com/DownGalicia



Twitter.com/DownGalicia



Youtube.com/DownGalicia



Flickr.com/DownGalicia

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo comunicacion@downgalicia.org.

[Consulta a nosa política de privacidade](#)

Subvencionado por



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dime y lo olvido,
enséñame y lo recuerdo,
involúcrame y lo aprendo.

